

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

EXTRACTO da Orde do 26 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades colaboradoras de pesca continental para o fomento da riqueza piscícola e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento MT808A).

BDNS (Identif.): 801144.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. Persoas beneficiarias

Persoas xurídicas que teñan o nomeamento de entidade colaboradora de pesca continental, de conformidade co disposto na Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia, e no Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais. Este nomeamento deberá estar en vigor tanto no momento de presentar a solicitude de axuda como no momento do pagamento desta.

Segundo. Obxecto

Axudas para actividades e investimentos de fomento da riqueza piscícola.

Terceiro. Bases reguladoras e convocatoria

Orde do 26 de novembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades colaboradoras de pesca continental para o fomento da riqueza piscícola e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento MT808A).

Cuarto. Contía

Importe total da convocatoria: 50.000,00 €.

CVE-DOG: vm05fnp7-pk12-qui4-b5y2-w5rjj1dnilh0



Fíxase un importe máximo de 9.360 euros de axuda para a subliña de vixilancia de tramos de pesca continental e de 2.500 euros para a subliña de actividades divulgativas ou formativas, por entidade colaboradora.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación das solicitudes será dun (1) mes contado desde o día seguinte ao de publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2024

Ángeles Vázquez Mejuto
Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático

CVE-DOG: vm05fnp7-pk12-qui4-b5y2-w5rjj1dnilh0

